



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Persoal e Organización

*Lista definitiva dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal (1 praza educadora/or social (A2))*

##### ANUNCIO

Lista definitiva dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal (1 praza educadora/or social (A2))

Por resolución da concelleira delegada de Seguridade cidadá e Persoal do 14 de abril de 2023, resolveuse o seguinte:

“Primeiro.- Aprobar a lista definitiva dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal (1 praza educadora/or social (A2)).

##### ADMITIDOS/AS:

| ADMITIDOS/AS |                                |           |
|--------------|--------------------------------|-----------|
| Nº ORDE      | APELIDOS E NOME                | DNI       |
| 1            | ESOURIDO RAPA, MARÍA CRISTINA  | ***952*** |
| 2            | FREIRE ZABALZA, AMAYA          | ***419*** |
| 3            | GONZALEZ BORRAJO, RAQUEL       | ***905*** |
| 4            | LORENZO CAAMAÑO, BEGOÑA        | ***667*** |
| 5            | MOSQUERA RODRIGUEZ, MARIA JOSÉ | ***294*** |
| 6            | PÉREZ CALVO, VERÓNICA EVA      | ***238*** |
| 7            | PIÑEIRO RIAL, CRISTINA         | ***891*** |
| 8            | SÁNCHEZ SUÁREZ, CARLA          | ***300*** |
| 9            | SÍO DOCAMPO, MAITE             | ***108*** |
| 10           | VÁZQUEZ SANTIAGO, MARIA ISABEL | ***529*** |

##### EXCLUÍDOS/AS:

| EXCLUÍDOS/AS |                           |           |
|--------------|---------------------------|-----------|
| Nº ORDE      | APELIDOS E NOME           | DNI       |
| 1            | BEJAR IRAIZOS, ANAHI      | ***833*** |
| 2            | JULIAN GUTIÉRREZ, ARIADNA | ***039*** |

**Segundo.-** Publicar a lista definitiva dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal (1 praza educadora/or social (A2)) na web municipal: [www.culleredo.es](http://www.culleredo.es) e no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro.-** Determinar a composición nominativa do tribunal de acordo co seguinte detalle:

- Presidente
  - Titular: Sandra García Uzal (Traballadora social)
    - Suplente: Jesus López Agra (Pedagogo)
- Vogais:
  - Titular: Roberto Babío Fernández (Xefe de servizo de economía e facenda)
    - Suplente: María Nieves García Vázquez (Psicóloga)
  - Titular: María Teresa Molares Cabana (Pedagoga)
    - Suplente: Maria Luisa Rodríguez Don (Psicóloga)
  - Titular: Dolores Parada Yáñez (Traballadora social)
    - Suplente: Angela Varela Suárez (Traballadora social)
- Secretario:
  - Titular: Jose Villán Fuertes (Secretario xeral do Concello de Culleredo)
    - Suplente: Funcionario/a en quen delegue.

**Cuarto.-** Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo, e os aspirantes poderán recusalos, cando conorra algunha das circunstancias previstas, respectivamente nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**Quinto.-** Nomear como persoal de apoio do tribunal cualificador do proceso selectivo a don Marcos Novás Rodríguez.

**Sexto.-** Convocar aos membros do tribunal cualificador para a constitución do mesmo o día 25 de abril de 2023 ás 09:30 horas na casa consistorial sita na rúa do Concello, 12.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

O que se publica aos efectos do disposto no punto 4.4 das bases xerais desta convocatoria.

Culleredo, á 18 de abril de 2023

A concelleira delegada de seguridade cidadá e persoal

Marta María Figueroa Fuentes

PD. (Resolución do 13/07/2020

BOP nº 114 do 23/07/2020)

2023/2954